

**PROTOCOLO
BIBLIOTECA ESCOLAR
COVID-19
CEIP A SOLAINA**



PROTOCOLO BIBLIOTECA ESCOLAR COVID-19

Este protocolo supón a reorganización de espazos e tempos para dar cumprimento ás medidas de distanciamento social ou á dotación de recursos para a máxima hixienización, entre outros, coa finalidade de preservar a saúde da nosa comunidade educativa e acadar os obxectivos marcados para o presente curso. Neste curso académico adaptaremos ás liñas de actuación á situación sanitaria da pandemia COVID-19.

1-AFORO:A nosa biblioteca terá o aforo correspondente segundo corresponda aos metros cadrados do espazo ...

2-ACCESO:No horario lectivo o alumnado accederá á biblioteca escolar pola porta principal pola banda dereita. Antes de entrar o alumnado terá que hixienizar os pes na alfombra desinfectante e as mans co xel hidroalcohólico que hai na entrada da biblioteca. Para a saída abriremos as dúas follas da porta principal e sairase pola banda oposta á que fixemos a entrada.

No tempo de lecer o alumnado que lle corresponda a quenda entrará en orde pola porta da biblioteca que da ao patio exterior. A saída será pola mesma porta respectando os turnos. En caso de choiva entrarán pola porta principal situado no interior do centro e sairá pola porta que da ao exterior do patio. En ambos casos os usuarios de biblioteca deberán desinfectar os pes nas alfombras e as mans co xel hidroalcohólico.

A mascarilla será sempre de uso obrigatorio para todo o alumnado de E. Primaria e de uso recomendado para o alumnado de E. Infantil.

3-MEDIDAS DE HIXIENE E DESINFECCIÓN :

- ✓ Acceso sempre con mascarilla.
- ✓ Colocación de xel hidroalcohólico en varios puntos da biblioteca.
- ✓ Dotación de dúas alfombras hixiénicas, unha para cada porta.
- ✓ Ventilación do espazo de biblioteca a través das ventanas sempre que haxa usuarios .

- ✓ Uso de papeleiras con tapa.
- ✓ Sinalización das zonas que se poden usar e as que están pechadas ata que cambie a situación pola pandemia do Covid-19, empregando os sinais de circulación (iconografía empregada para as normas de uso de biblioteca escolar en situación normais)
- ✓ Delimitación dos postos de usuarios co correspondente sinal .
- ✓ Marcas no chan para non acumularse na zona de administración respectando a distancia recomendada polas autoridades sanitarias.
- ✓ Colocación dunha mampara para a zona de administración principal.
- ✓ Desinfección ao longo da mañana , por parte do persoal de limpeza , despois de cada uso da biblioteca. As quendas están organizadas para as primeiras e últimas sesións e os recreos. O plan de desinfección será o seguinte:

A primeira sesión lectiva ten as condicións hixienico-sanitarias axeitadas xa que a biblioteca xa quedou limpa a tarde anterior polo turno de limpeza da tarde. Unha vez acabada a primeira sesión o turno de desinfección da mañá desinfectará os espazos utilizados polo alumnado.

No tempo de lecer poden acudir a metade do grupo-clase que lle corresponda para facer exclusivamente o préstamo. Despois do recreo a quenda de desinfección da mañá volverá a manter en condicións o espazo de biblioteca utilizado.

O alumnado que fagan uso da biblioteca na última sesión da mañá atopará a biblioteca desinfectada. Cando remate o horario lectivo o turno de limpeza da tarde fará o seu traballo para deixar a biblioteca en perfecto estado para o vindeiro día.

4- HORARIO:

A biblioteca escolar estará aberta en horario lectivo e non prestará servizo polas tardes ata que a situación sanitaria do COVID -19 cambie, e sempre baixo supervisión da Consellería de Educación.

5-PRÉSTAMO E DEVOLUCIÓN DE EXEMPLARES:

No tempo de lecer o alumnado acudirá á biblioteca na quenda que lle corresponda. O aforo está limitado á metade da clase. O nenos e nenas collerán o préstamo nas zonas recomendadas segundo o seu nivel de lectura e na zona de consulta. O levarán a zona de administración e os exemplares irán nun sobre pechado de uso exclusivo para o empréstimo ou devolución. O período de préstamo será ampliado a un mes con posibilidade de renovación a outro mes máis (esta temporalización está sendo ampliada para que coincida coa seguinte quenda para facer uso da biblioteca escolar para empréstimos ou devolucions). Unha vez devoltos os exemplares permanecerán nun andel reservado para a corentena de fondos prestados polo tempo recomendado e posteriormente será colocado na ubicación correspondente.

Cada titor e titora pode facer uso do servizo de préstamo para dotar as bibliotecas de aula para funcionar mensual ou trimestralmente. Cada mestre responsable da aula decidirá o xeito de utilización destes fondos sempre respectando as medidas hixiénica-sanitarias e de corentana recomendadas polas administracións .

Outro xeito de préstamo para o alumnado e as familias será partindo da aula virtual poñendo a disposición do alumnado fondos correspondentes aos diferentes niveis de lectura. Mediante os recursos que ofrece a aula virtual ou a través dun correo electrónico o equipo de biblioteca facilitará aos titores os exemplares reservados debidamente empaquetados. O alumnado os devolverá nas mesmas condicións aos seus titores que o entregarán aos membros do equipo de biblioteca para que se respecten as medidas pertinentes para a devolución e posterior nova posibilidade de préstamo coas condicións axeitadas.

Tamén estarán colgados libros dixitais con licenza aberta, contacontos virtual e páxinas onde podan atopar materiais de lectura infantil e xuvenil.

6- ACTIVIDADE “CURTOS AUDIOVISUAIS NA NOSA BIBLIOTECA ”

Establecerase un horario mensual para a actividade “Curtos audiovisuais na nosa biblioteca”, para que cada grupo-clase teña a oportunidade de visualizar unha selección de curtos con obxectivos pedagóxicos ou lúdicos na sesión que lle corresponda. Para esta actividade estará acondicionada a zona central da biblioteca con postos sinalados e coa distancia de seguridade esixida nesta situación de convivencia escolar. É un xeito de fomentar a cultura dende outra perspectiva e optimizar así os recursos audiovisuais da biblioteca.

7- ORGANIZACIÓN DE DIFERENTES EVENTOS E USOS DA BIBLIOTECA:

Cando un profesor ou profesora queira facer uso da biblioteca fóra das quendas establecidas será necesario comunicalo á dirección do centro e dende o equipo de biblioteca reorganizar e temporalizar o día de uso. Sempre se deben cumprir as normas hixiénicas e respectar a acotación de espazos e usar os postos debidamente sinalados.

8-PLANIFICACIÓN DE POSIBLES ESCENARIOS EDUCATIVOS:

(Sempre supeditadas ás instrucións que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dite para os centros e o seu conxunto)

Escenario presencial

Escenario combinado

Escenario non presencial

<p>COLECCIÓN: incorporación de exemplares con licencias abertas e adquisición de dispositivos electrónicos para uso escolar e préstamo personal. Combinarase con ampliación de fondos impresos aplicando as medidas preventivas sanitarias.</p> <p>ESPAZOS: temos que estar pendentes das instrucións da Consellería de Educación , pero a biblioteca está concebida como un espazo de usos múltiples e flexible, pero sempre usando as medidas profilácticas.Podemos distribuir en diferentes horarios funcionalidades diversas segundo se</p>	<p>COLECCIÓN: incorporar fondos con licencias abertas para os usuarios de biblioteca para compartir cos dispositivos de uso personal. Continuar usando formatos impresos cos protocolos de prevención axeitados.</p> <p>ESPAZOS: exixirá un espazo escolar presencial (explicado no apartado anterior) e un espazo familiar-social-personal , no que a casuística individual xoga un papel fundamental na adquisición de obxectivos educativos.No fogar deben ter un espazo axeitado, con recursos materiais , electrónicos, de conectividade que favorezan a acceso ao espazo virtual ilimitado no</p>	<p>COLECCIÓN: ten que ser virtual de fácil acceso ás materias de ficción e non ficción, facendo unha reflexión profunda de contidos axeitados por idades e materias con enlaces de disponibilidad aberta.</p> <p>ESPAZOS: totalmente dixital cunha educación do uso axeitado das novas tecnoloxías.Debe haber gran disponibilidad de contidos de ficción e non ficción , con fácil acceso de forma rápida e sinxela.</p> <p>EQUIPAMENTO: de procedencia privada para uso persoal e como sistema de préstamo de recursos electrónicos para favorecer o acceso á información do alumnado por parte do colexio.</p> <p>ACTIVIDADES: pasamos a unha dimensión na que a formación de profesorado , alumnado e familias nas plataformas dixitais debe ser mellorada para aproveitar ao máximo as opcións de aprendizaxe que ofrecen.A través das novas tecnoloxías podemos iniciar préstamos online, club de lectura, recomendacións de lecturas, animacións de lecturas, encontros con autores. As</p>
---	--	---

<p>xeneren necesidades diversas.</p> <p>EQUIPAMENTO: aumento de dispositivos electrónicos pois facilitan a función educativa e favorecen a actuación de protocolos sanitarios.</p> <p>ACTIVIDADES: continuar coas actividades que teñen recoñecido un éxito no ámbito da biblioteca escolar, extremando as medidas de saúde atendendo aos seguintes puntos:</p> <p>1-Retomar as propostas inacabadas no curso 2019-2020 adaptándoas ás novas situacións escolares.</p> <p>2-Organización das actividades en canto:</p> <p>*ao aforo.</p> <p>*manexo de exemplares en papel.</p> <p>*horario de uso de espazos reprogramado.</p> <p>*préstamos persoais con medidas preventivas.</p> <p>*corentena recomendada para novo uso dos exemplares emprestados con anterioridade.</p> <p>EQUIPO DOCENTE:</p> <p>-Modificar a guía de usuarios adaptándoa á nova normalidade educativa.</p> <p>-Quendas de garda na biblioteca por parte do profesorado.</p> <p>-Equipo dinamización biblioteca reflexión sobre ás diversas opción de escolaridade e o papel que xoga a biblioteca.</p> <p>-Revisión profundade documentos fundamentais coma PEC, PXA, PAL,...</p> <p>BIBLIOTECA COMA LUGAR DE ENCONTRO: as bibliotecas escolares son moito máis que espazos de lectura individual. Buscamos ámbitos que faciliten recursos espaci-temporais e de propostas de actividades para fomentar o acceso ao coñecemento, a lectura coma ocio, a alfabetización dixital, a comunicación por diversas canles, a lectura crítica, a valorización do próximo comezando por nós</p>	<p>que as normas de utilización e os riscos cibernéticos son obxecto de traballo tanto da familia coma da escola.</p> <p>EQUIPAMENTO: favorecer o préstamo de dispositivos sen límite temporal para o alumnado que precise de tablets, ordenadores, libros electrónicos.</p> <p>ACTIVIDADES: complementando as propostas presenciais a biblioteca escolar debe favorecer actividades virtuais dende o ámbito dixital. Pódense utilizar plataformas e-learning para os contidos académicos previo filtrado do profesorado. Iniciar propostas online coma socilidade de préstamos online. Aportacións do alumnado en actividades coma suxerencias e recomendacións de lecturas. Fomentar o espazo virtual da ludoteca. Optimizar as canles de comunicación dixitais.</p> <p>EQUIPO DOCENTE: hai que mentalizarse de facer un dobre esforzo pois contíase coa dinámica da educación presencial engadindo a opción de propostas dixitais. Para este temos que aprender a dosificar a nosa función en tempo e lugar, dándolle a mellor resposta ao alumnado sen que nos provoque un estrés profesional.</p> <p>BIBLIOTECA COMA LUGAR DE ENCONTRO: compaxinado unha localización física concreta de espazo de socialización cun espazo no que a deslocalización estea presente. O diseño de actividades presenciais e virtuais deben ir paralelas e sendo complementarias unhas ás outras. A anticipación aos feitos que poidan acontecer debe ser unha motivación para ir preparando actividades virtuais cunha formación previa para que o alumnado poida continuar cun proceso de ensino-aprendizaxe combinado que é a</p>	<p>videoconferencias son un elemento básico de comunicación que podemos poñer en marcha.</p> <p>EQUIPO DOCENTE: a coordinación online terá un peso específico, dinamizando os grupos de traballo e recibindo unha formación axeitada que mellore a nosa capacitación nas novas tecnoloxías e no uso dos equipamentos.</p> <p>BIBLIOTECA COMA LUGAR DE ENCONTRO: pasamos a unha realidade virtual na que a páxina web, plataformas de comunicación online co alumnado, foro de comunicación, páxina web de biblioteca, aula virtual deben seguir despegando mellorando a técnica, as propostas, valorando continuamente que a aprendizaxe continúe sendo significativa. Volcamos o noso día día presencial nun formato dixital no que os encontros tamén son posibles coas ferramentas que temos á nosa disposición. Trátase de deseñar actividades para poñer en práctica actividades coma videoconferencias, grabación de audios con titoriais elaborados polos mestres e alumnos, videos con actividades, fotografías temporalizando proxectos de traballo.</p> <p>EDUCACIÓN ALFIN: a alfabetización mediática é un área forte dentro dos escenarios virtuais. Temos que ampliar a oferta de capacitación da educación Alfin en todos os seus procesos para axudar a investigar en línea formándose aos nenos e nenas para superar os inconvenientes dun exceso de información, dunha desinformación intencionada, dos dereitos de autor, das plataformas dixitais de dominio público, ... e os pros dunha aprendizaxe informacional positiva. Recursos coma videos, audios, powerpoint, videoconferencias, ... Procesos dixitais coma crear arquivos, orixinar achegas ás plataformas, manexar correos electrónicos, comprimir contidos, converter documentos a diferentes formatos, ... son estratexias que cando se dominan facilitan moito o traballo e forman parte de programas de alfabetización mediática e informacional.</p> <p>EDUC. EMOCIONAL: básicamente axudar a saber discernir dunha realidade virtual e real. Os recursos poden facilitar as relacións en momentos de aillamento social, pero nunca reemplazar o contacto humano. Axudar a canalizar emocións diferenciándoas e recoñecendo os seus efectos corporais para poder identificalas e interiorizalas. Proporcionar situacións para evocar a través das distintas linguaxes o que sentimos e coma nos atopamos para intentar solucionar conductas pouco favorables para a formación da personalidade do alumnado.</p>
--	---	---

<p>mesmos para ter en conta o contorno físico e social.</p> <p>EDUCACIÓN ALFIN: é básica a formación coma mestres neste ámbito no ámbito escolar actual . .Incentivaremos esta metodoloxía de traballo desenvolvendo habilidades de traballo relacionadas coas diferentes competencias de aprendizaxe canalizándoas a través de proxectos de traballo, proxectos documentais integrados , exposición de tarefas coa axuda de recursos tecnolóxicos,....</p> <p>ED. EMOCIONAL: punto de partida da volta ás aulas. O aillamento social, os cambios nas rutinas, as novas normas de convivencia,....son situacións que poden vulnerar e estado emocional do alumnado. Recuperar a socialización como elemento de aprendizaxe en todos os ámbitos de crecemento persoal.</p>	<p>educación do futuro. Calquera proposta de biblioteca debe ter un soporte dixital alternativo desenvolvido en dous posibles escenarios con posibilidades reais de execución.</p> <p>EDUCACIÓN ALFIN: o escenario de educación combinada é ideal para o desenvolvemento da educación informacional, de feito, deberíamos consolidar este metodoloxía de traballo partindo das necesidades do alumnado, formando nas habilidades de manexo de datos e posterior tratamento e divulgación da información a través de formatos e ferramentas dixitais (proxectos de traballo, videos, powerpoint,...) .Concienciarnos canto antes desta nova realidade fará que consideremos esta situación como o hábitat habitual de traballo.</p> <p>EDUC. EMOCIONAL: Recuperar as habilidades sociais coas novas normas de convivencia dentro do ámbito escolar facédoo algo cotiá. Fomentar a individualidade dentro dunha colectividade social empatizando, colaborando, convivindo cos outros nun entorno cultural propio no que a saúde e as normas de prevención deben normalizarse.</p> <p>Reencontrarse o profesorado coma colectivo imprescindible para a formación global do alumnado, mellorando a nosa autoestima e compartindo o noso traballo nesta nova etapa da educación.</p>	
--	--	--